13/02/2025	023320 25AN00 002620	13/02/2025	116,04	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	19-09-2024/17-12-2024, CONSUMO AVDA. R.SANCHEZ E. TALLER,S/N	161	22501
13/02/2025	023320 25AN00 003801	13/02/2025	6,12	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	17-09-2024/13-12-2024, CONSUMO LG ALAMEDA FOGAR XUVENTUDE	161	22501
13/02/2025	023320 25AN00 003519	13/02/2025	48,93	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	05-09-2024/03-12-2024, CONSUMO RUA REAL,13 CONCELLO	161	22501
13/02/2025	023320 25AN00 000165	13/02/2025	11,05	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	24-09-2024/20-12-2024, CONSUMO LG.ESCOLA DE OMBRE SN	161	22501
13/02/2025	023320 25AN00 003524	13/02/2025	171,06	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	09-09-2024/05-12-2024, CONSUMO PRAZA DO MERCADO, S/N	161	22501
06/03/2025	FE2513 700395 2378	19/02/2025	16,76	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	01-12-2024/31-12-2024, E/E LUG. XABROAL, 9201, CUPS: ES0397000005801997KA1P	165	22100

Das anteriores facturas, están incluídas en proxectos de gasto as seguintes:

- Proxecto de gasto 2024/3/LH/1/1: POS+2024. Gasto corrente: F/2025/298
- Proxecto de gasto 2025/3/LH/3: POS+2025: F/2025/156, 157, 158, 159, 180 A 183; 185, 188, 191, 192, 194-198, 296, 341, 342, 344, 345, 346, 354-357, 359-376, 377 (por importe de 386,37 euros), 380-382, 385, 386, 389-392, 394, 395, 397-401, 403-409, 411, 415-425, 427, 428, 430-437, 440, 441, 484-492, 509 e 713.
- Proxecto de gasto 2024/3/JY/3: Plan concertado. Escola infantil: F/2025/10, 253
- Proxecto de gasto 2025/3/KD/1: Xulgado de paz: F/2025/377 (por importe de 220,55 euros)
- Proxecto de gasto 2024/4/MV/9: Aparcamento Rúa Empedrado: F/2025/306

SEGUNDO.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

3. MOCIÓN DO BNG: ZONAS VERDES DE ESTACIONAMIENTO PARA RESIDENTES.

Toma a palabra don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG, que da lectura a moción presentada.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde o grupo municipal do BNG de Pontedeume consideramos que a creación de zonas verdes de estacionamento reservado para residentes resulta fundamental para garantir a accesibilidade, a seguridade e a organización do espazo público na nosa vila.

Todas e todos os veciños somos coñecedores dos problemas de estacionamento en certas zonas do casco urbano e en certos momentos do día. Se ben esta problemática non é continúa, a situación agrávase nos meses de verán e noutras datas de ferias co aumento do turismo. A sobreesaturación do estacionamento dificulta a mobilidade das persoas que necesitan estacionar nas inmediacións das súas vivendas e entorpece o desenvolvemento da vida cotiá da veciñanza.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ademais a Ordenanza Xeral Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria xa que recolle explicitamente na súa disposición adicional 1ª, a tipoloxía de estacionamento para residentes así como a obtención de cartón de residentes.

Por iso cremos que a creación de zonas reservadas para o estacionamento de residentes, tendo en conta os distintos lugares do casco urbano, como poden ser as áreas de influencia de Ricardo Sánchez, Avenida da Coruña, Avenida de Ferrol, Avenida Doutor Villanueva, Picho, zona do Mercado, Rúa do Empedrado, casco histórico e lugares de ocio e turístico como pode ser a praia de Ber, melloraría esta situación, garantindo que as prazas de estacionamento estean dispoñibles para aquelas persoas que realmente o precisan.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Solicitar ao goberno local a CREACIÓN DE DIFERENTES ZONAS RESERVADAS ESPECIFICAMENTE PARA O ESTACIONAMENTO DE RESIDENTES

Engade o **Sr. Curbeira** que o que pretenden con esta moción e sacar un compromiso de todos os grupos municipais para dar efectividade a esta demanda da veciñanza.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, para indicar que o seu grupo municipal está de acordo ca moción, que xa propuxeron en algunha ocasión o establecemento de zonas verdes, e de feito en xaneiro de 2023 se lles contestou que se ía instalar unha zona para residentes; e en xaneiro de 2025 a unha pregunta que formularon no pleno lles contesta o goberno que están a espera dun informe do equipo redactor para definición do ámbito de afección da zona verde; polo que pregunta en que situación se atopa a día de hoxe.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicir que o Pleno do Concello aprobou por unanimidade o PMUS, e que nel non se contempla as zonas de estacionamento para residentes porque fala de rúas de estacionamento para residentes, o que implica que esas rúas serán de uso exclusivo para residentes tanto para aparcamento como para circulación, agás servizos de emerxencias e reparto. Para o establecemento de zonas verde de aparcamento, a policía local formulou dúbidas de ata onde se limita a zona poñendo por exemplo se se quixera implantar na rúa San Miguel, ata onde chegaría, só esa rúa ou ampliando a rúas limítrofes, que non sempre é a xente que reside na rúa a que estaciona; e o establecemento do límite vai provocar queixas do resto dos residentes e preguntase entón se todos os residentes do casco van poder aparcarse en calquera zona verde que se instale no casco urbano; di que o tema é complexo e por iso á hora de redactar o PMUS entendeu-se que as rúas de residentes era a mellor opción.

Toma a palabra **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Urbanismo e Infraestruturas**, que indica que o día 18 de marzo houbo unha reunión entre a policía local, redactores do PMUS e goberno para desenvolver nunha primeira fase as rúas de estacionamento para residentes, que serían a rúa Porto, rúa Picho, rúa Fontenova e rúa Empedrado, pero agora que se están atopando co problema de comprobación desa residencia, pola matrícula do vehículo





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ou polo padrón municipal, xa que a policía local trasladoulles que hai moitos casos en que os vehículos de residentes pagan o imposto de circulación noutras localidades.

Intervén neste punto **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP** para dicir que ao seu parecer é residente aquel que paga os seus impostos en Ponte deume.

Continúa falando o **Sr. Ríos** para dicir que pretenden dar unha marxe aos propietarios deste vehículos para actualizar o rodaxe ao Concello de Ponte deume, e que tamén se está a falar co servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia para escoller cal sería a mellor localización das sinais indicadoras, que teñen que ser bastante vistosas para provocar o efecto de disuadir aos condutores. Insiste en que o creen que é mellor a implantación destas rúas que non de zonas de aparcamento de residentes dispersadas polo casco.

Intervén o **Sr. Rodríguez** para indicar que hai que reservar prazas de aparcamento para residentes pero que non se pode pretender que todo o mundo aparque diante da porta da súa casa, cousa que é imposible, pero si que hai que garantir que a xente que vive no casco teña opcións a aparcar preto das súas vivendas e dentro do casco urbano.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para indicar que o seu grupo pensa que ambas opcións son complementarias, que está moi ben ter as rúas para residentes, pero que tamén poden existir outras zonas con aparcamento para residentes que non ten porque ser toda a rúa, que os técnicos terán que avaliar o número de prazas que existen e cantas se poden adxudicar a reserva de residentes que incluso pode ser realizada por horarios, que en moitas vilas están fixadas estas zonas en horario nocturno e durante o día pode aparcar quen queira. Indica tamén que nos cascos históricos de moitas vilas as zonas verdes funcionan por sectores, e se tes a tarxeta do sector podes aparcar nesas zonas habilitadas.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que indica que o tema é complexo, que xa fixeron moitas consultas sobre este tema e as preguntas sempre eran as mesmas, ata onde chegaran esas zonas verdes. Indica que para el as propostas non son complementarias, porque se polo PMUS se fan rúas para residentes e logo en rúas paralelas se fai estacionamento tamén para residentes, non queda sitio para os que veñan de fóra, e que o comercio de Ponte deume tamén ten dereitos.

Sendo as 12 horas e 21 minutos o concelleiro don José Simoes Couceiro abandona a sesión.

Continúa o **Sr. Presidente** dicindo que o casco urbano xa está practicamente peonalizado, e que xa poucas rúas quedan para o tránsito de vehículos, indica que o aparcamento que se está a facer na rúa Empedrado si vai levar unha prazas para residentes, e que o que se pretende é retirar volume de tráfico do casco histórico por iso o das rúas para residentes.

Intervén o **Sr. Curbeira** para dicir a zona de residentes non hai que tela toda no casco histórico, pon de exemplo a avda. De Ferrol, que durante o día pola situación dos supermercado non hai onde aparcar e que logo de noite se podería habilitar para os residentes desa zona.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Intervén **don Daniel Ríos Fernández**, para dicir que os técnicos redactores do PMUS fixeron un estudo nocturno das zonas de aparcamento e concluíron que na Praza do Conde, avda. De Ferrol non hai problema por aparcar de noite, e que o establecemento dunha zona verde nocturna nesas zonas é inviable porque non hai policía local que faga vixilancia do seu cumprimento.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para indicar que os problemas de aparcamento están durante o día e a tarde; que están na primeira fase de implantación de rúas para residentes traballando a policía local cos redactores do PMUS e o goberno, que na rúa Empedrado hai que ver como se “artella” esas zonas de aparcamento para residentes, pero que é un traballo que hai que analizar, que a xente ten unhas expectativas que non van ser a realidade.

Sendo as 12 horas e 26 minutos o concelleiro don José Simoes Couceiro regresa a sesión.

Continúa o **Sr. Presidente** dicindo que hai que analizar ben a problemática de aparcamento na vila, e por iso prefiren seguir centrándose no que di o PMUS que está avalado por uns estudos realizados, que a idea das zonas verdes está moi ben pero levala a práctica pode traer moitos problemas e por iso non poden votar a favor da moción presentada pola BNG.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, para dicir que o acordo que propón o BNG implica que o goberno non está a facer nada, pero si se está traballando no tema dende hai tempo; propón darlle unha nova redacción ao punto de acordo.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para indicar que a súa proposta tamén vai a favor da limitación de zonas verdes nas partes turísticas do Concello como a praia de Ver; e pon o exemplo da limitación que o Concello de Cabanas fixo na zona do areal da Magdalena establecendo unha zona de aparcamento para residentes; que outros concellos tamén fixeron e que funciona ben; que os veciños de Ponte deume teñan aseguradas algunhas prazas de aparcamento para residentes.

Intervén o **Sr. Presidente** para dicir que el non comparte esas medidas, que ninguén ten máis dereito a ir á praia de Ver por ser veciño deste concello.

Intervén o **Sr. Curbeira** para indicar que a súa medida vai encamiñada a facilitar a vida dos veciños e veciñas de Ponte deume, di que para el os que veñen a facer turismo ou a tomar algo teñen que acostumar a aparcar máis lonxe; a medida que eles propoñen e dotar a determinadas rúas de zonas para residentes limitando prazas, como cando se puxeron as prazas habilitadas para aparcamentos usuarios da gardería municipal.

Intervén a **Sra. Bellón** para dicir que a limitación de prazas sempre xera problemas, e pon o exemplo das prazas de reserva para persoas con minusvalía, porque a xente cree que por ter a tarxeta a praza xa é súa; e cree que as persoas van pensar o mesmo cas prazas de residentes, cada persoa vai querer a súa.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicir que o volume de residentes é quen marca o camiño a seguir, que en rúas moi poboadas non se pode marcar zonas de residentes porque se vai





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

xerar un conflito entre veciños e como serán insuficientes virán a pedir máis; e que a instalación de prazas de residentes deberían comezar polo casco histórico.

O **Sr. Presidente** propón a seguinte emenda ao punto de acordo da moción:

“Solicitar ao goberno local continuar coas xestións iniciadas de cara a seguir avanzando na implantación do contido do PMUS, aprobado por unanimidade da corporación, no referido a zonas de estacionamento para residentes”.

O **Sr. Curbeira** propón introducir ... *“axilizar e continuar”*, xa que dende os primeiros anuncios sobre este tema se fixeron polo 2023 e xa estamos no 2025.

Di o **Sr. Presidente** que se foron facendo cousas do PMUS, como a zona azul da Praza do Conde, aparcamentos disuasorios, aparcamento do Empredado.

O **Sr. Rodriguez do grupo municipal do PP**, indica que lle parece ben a emenda.

Aceptan os tres grupos políticos a moción emendada na parte resolutiva co seguinte punto, que queda finalmente redactado do seguinte xeito.

“Solicitar ao goberno local axilizar e continuar coas xestións iniciadas de cara a seguir avanzando na implantación do contido do PMUS, aprobado por unanimidade da corporación, no referido a zonas de estacionamento para residentes”.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta enmendada polos grupos políticos municipais, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o ACORDO seguinte:

1. Solicitar ao goberno local axilizar e continuar coas xestións iniciadas de cara a seguir avanzando na implantación do contido do PMUS, aprobado por unanimidade da corporación, no referido a zonas de estacionamento para residentes”.

4. MOCIÓN DO PSOE: HUMANIZACIÓN E POSTERIOR CESIÓN DA ESTRADA AC-144 NO SEU TRAMO URBANO

Toma a palabra dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, que da lectura a moción presentada.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada autonómica AC-144 ao seu paso polo noso municipio comprende un tramo en núcleo urbano, concretamente na Avenida Ricardo Sánchez desde o seu inicio á altura do aparcamento situado á beira da Gasolineira ata o último edificio que se atopa a continuación do Centro de Saúde. Trátase dunha vía de titularidade autonómica que conta con numerosos edificios a ambas as marxes da calzada, así como varios centros educativos, centro de saúde, edificios municipais como a piscina, Foremdes ou a escola infantil e cunha gran densidade de





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

tráfico que serve como vía de comunicación tamén para os veciños das parroquias de Nogueirosa e Ombre así como de municipios limítrofes como Monfero.

Na actualidade, dita estrada atópase nun estado mellorable tanto no pavimento do vial de circulación como das beirarrúas polas que transitan os peóns. Desde o Goberno Local viñéronse acometendo diferentes investimentos como a xa executada de renovación da iluminación principal de toda a avenida e iluminación dos pasos de peóns, a aprobación dunha primeira fase de renovación da rede xeral de abastecemento que se acometerá nos próximos meses ou a redacción de memorias técnicas de substitución de varios tramos de distribución da rede de abastecemento para a súa renovación total. Todas estas actuacións roldan o medio millón de euros financiados con recursos propios e da Deputación provincial da Coruña.

Ademais, desde o Goberno Local está a levarse a cabo a renovación das beirarrúas, melloras de accesibilidade, creación de zonas verdes... das rúas lindeiras á Avenida Ricardo Sánchez como son as actuacións executadas recentemente na Rúa Camiño Estreito e Álvaro Vázquez Penedo que terán continuidade nas rúas Cabanas e Monfero quedando renovada toda as rúas contiguas á estrada autonómica AC-144 na súa zona urbana.

Despois da reunión mantida o pasado día 14 de abril polo Alcalde Bernardo Fernández Piñeiro e o Concelleiro de Urbanismo co xefe de servizo provincial da axencia galega de infraestruturas (AXI) da Xunta na que se concretou a redacción e presentación dunha memoria técnica de actuación por parte do Concello de Ponte deume a fin de continuar coa liña de actuación marcada nas rúas contiguas á Avenida Ricardo Sánchez, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Ponte deume propón ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos.

ACORDOS:

- 1- O Concello de Ponte deume solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a humanización da estrada autonómica AC-144 ao seu paso pola Avenida Ricardo Sánchez*
- 2- A cesión da titularidade do tramo urbano da estrada AC-144 unha vez acometidas as obras de humanización.*

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que di que hai concellos que o fan coa Xunta ou coa Deputación, polos que discorren estradas dentro do núcleo urbano que non ten senso que continúen como estrada, que moitas desas estradas levan apareladas moitos servizos municipais. Indica que mantiveron unha reunión co xefe da unidade técnica do servizo territorial que pediron unha memoria técnica para ver as contías económicas que implicaría esa cesión, xa que o concello pretende que a cedan reparada; cree que a inversión rondará o millón de euros. Continúa dicindo que teñen coñecemento que noutros concellos a Xunta está a proceder a estas humanizacións sen incluso realizar a posterior cesión; pero cree que para o Concello de Ponte deume é mellor que a humanice e logo a ceda. Indica que van solicitar unha nova reunión coa dirección xeral para presentar a memoria e seguir avanzando na consecución do obxectivo, e indica que incluso estarían dispostos a realizar unha achega económica para eses traballos.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para indicar que están de acordo co punto primeiro da moción, e en relación ao segundo





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

punto pregunta cales son os beneficios para o Concello que pase a ser de titularidade municipal, xa que logo haberá gastos de mantemento da mesma, polo que habería que ter un estudo económico sobre a implicación orzamentaria desa cesión.

Responde o **Sr. Presidente**, que ao entregala humanizada, esas obras terán unha vida útil e que non habería que investir nada nela ata alcanzar esta vida útil, que a Xunta de Galicia debe levar sobre 20 anos sin realizar ningún investimento; pero na actualidade ten moita falla; que o concello non pode meterse a arranxar as beirarrúas cando o firme está en mal estado; que os beneficios son moitos porque así existirá dispoñibilidade do que se queira facer alí, pon exemplos como as terrazas dos bares, a festa das peras; que o concello xa está actuando na actualidade no mantemento das beirarrúas, na canalización das augas pluviais, o alumeado; só non se está a actuar na capa de rodaxe; que pediron permiso para paso de peóns elevados e lles dixeron que non; a razón de pedir a cesión e ter dispoñibilidade para actuar nela cando sexa preciso para garantir a seguridade dos peóns.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellón Tenreiro, concelleira portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, para dicir que nos últimos anos enviouse á Xunta de Galicia, por dúas ocasións, un informe moi completo en canto a seguridade viaria que fai falla nesa zona pola localización dos centros escolares, pero non tiveron resposta; e se a estrada fose do Concello poderían actuar, por exemplo na substitución de elementos de sinalización.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** que todas as obras municipais que se pretenden executar en rúas adxacentes á Ricardo Sánchez implica a solicitude do preceptivo informe sectorial que provoca atrasos na tramitación das obras.

Intervén **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Urbanismo e Infraestruturas**, para dicir que para a veciñanza tamén sería favorable, xa que eles tamén necesitan permisos sectoriais para realizar reformas en edificios.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, para dicir que eles están de acordo ca moción presentada.

Pregunta o **Sr. Curbeira** se o Concello vai seguir o mesmo criterio para outra rúas, e fala da rúa Doutor Villanueva que seguindo os criterios que se perseguen de seguridade, presenta moitos zonas inseguras.

Responde o **Sr. Presidente** que si se podería valorar e pedir maior seguridade á Deputación que é titular desa estrada.

O **Sr. Curbeira** fai agora o apuntamento en relación a seguridade dos peóns na avenida Ricardo Sánchez que o paso de peóns a carón da gasoleira é un perigo.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP**, para dicir que hai un problema de velocidade na avenida de Ricardo Sánchez, que coa humanización espera que diminúa o perigo, e espera que non se reduzan as prazas de aparcamento coa humanización.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Concluídas as intervencións sométese a votación a moción, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

- 1.- O Concello de Ponte deume solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a humanización da estrada autonómica AC-144 ao seu paso pola Avenida Ricardo Sánchez
- 2.- A cesión da titularidade do tramo urbano da estrada AC-144 unha vez acometidas as obras de humanización.

5. ASUNTOS DE URXENCIA.

Non se presentaron asuntos de urxencia

6. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO

A secretaria accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 24 DE MARZO DE 2025 AO 16 DE ABRIL DE 2025 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 24 DE ABRIL DE 2024.

Expediente TEdC: 2025/G006/000125

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **153/2025** de 24 de marzo ao **221/2025** de 16 de abril de 2025, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº expediente	ASUNTO	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000167	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 3, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2.-	00153/2025	24-03-2025 12:00
2025/G003/000174	DECRETO DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 27 DE MARZO DE 2025	00154/2025	24-03-2025 14:28
2025/G003/000173	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN	00155/2025	25-03-2025 17:36





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	ASUNTO	Nº Decreto	Data sinatura
	INSCRICIÓNS TALLERES CULTURAIS CURSO 2024/2025		
2025/G003/000150	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO DR 99500000034472	00156/2025	25-03-2025 17:35
2025/G003/000185	ELABORACIÓN DE NÓMINAS- DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES MARZO 2025.	00157/2025	26-03-2025 12:58
2025/G003/000183	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS- SEGUROS SOCIAIS DECEMBRO 2024	00158/2025	26-03-2025 12:58
2025/G003/000171	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN INSCRICIÓNS TALLERES CULTURAIS CURSO 2024/2025	00159/2025	26-03-2025 12:58
2025/G003/000170	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS/MADRUGADORES CURSO 2024/2025	00160/2025	26-03-2025 12:58
2025/G003/000179	ELABORACIÓN DE NÓMINAS- INCIDENCIAS MENSUAIS NÓMINA MES MARZO 2025.	00161/2025	26-03-2025 14:29
2025/G003/000180	ELABORACIÓN DE NÓMINAS- RESOLUCIÓN APROBANDO NÓMINA MES DE MARZO 2025	00162/2025	26-03-2025 14:29
2025/G003/000157	TESOURERÍA: ANULACIÓNS LIQUIDACIÓNS RECOLLIDA DE LIXO ANOS 2021-2022-2023 POR USO NON RESIDENCIAL	00163/2025	26-03-2025 14:42
2025/G003/000188	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 5, XERACIÓN DE CRÉDITO 1.	00164/2025	26-03-2025 14:42
2025/G003/000193	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 8. XERACIÓN DE CRÉDITO 4. OFICINAS TURISMO DEPUTACIÓN.-	00165/2025	27-03-2025 14:51
2025/G003/000191	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 7. XERACIÓN DE CRÉDITO 3. LIMPEZA DE PRAIAS.-	00166/2025	27-03-2025 14:51
2025/G003/000194	PADRÓN POLA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO	00167/2025	27-03-2025 14:51





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	ASUNTO	Nº Decreto	Data sinatura
	EXERCICIO 2025.		
2025/G003/000192	SOLICITA VODA O DIA 28/03/2025 AS 12H	00168/2025	27-03-2025 14:51
2025/G003/000181	TESOURERÍA: RECOLLIDA DE LIXO CAMBIO TARIFA LOCAIS SEN ACTIVIDADE	00169/2025	27-03-2025 14:51
2025/G003/000190	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 6, XERACIÓN DE CRÉDITO 2. PEL CONCELLOS.-	00170/2025	27-03-2025 14:51
2025/G003/000195	AUTOLIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA MOD 111 IRPF, MES DE DECEMBRO 2024.	00171/2025	28-03-2025 14:59
2025/G003/000189	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, POLO QUE SE REGULAN OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E O SEU FINANCIAMENTO. PASSCM 2025.	00172/2025	31-03-2025 08:58
2025/G003/000187	APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MES DE XANEIRO 2025	00173/2025	31-03-2025 08:58
2025/G003/000200	SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE - DNI 32630594B	00174/2025	31-03-2025 08:59
2025/G003/000182	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-SEGUROS SOCIAIS FEBREIRO 2025	00175/2025	31-03-2025 08:59
2025/G003/000184	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/4.-	00176/2025	31-03-2025 17:55
2025/G003/000176	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/1.-	00177/2025	31-03-2025 18:21
2024/G003/000688	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "APARCAMIENTO EN SANTA MARÍA DE OMBRE. PONTEDEUME"	00178/2025	02-04-2025 09:05
2025/G003/000203	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL OS DÍAS 2 E 3 DE	00179/2025	02-04-2025 10:24





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	ASUNTO	Nº Decreto	Data sinatura
	ABRIL DE 2025.		
2025/G003/000205	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 03 DE ABRIL DE 2025	00180/2025	02-04-2025 13:52
2025/G003/000208	AMPLIACIÓN DO PRAZO (SEGUNDA) OBRAS CAMIÑO ESTREITO	00181/2025	02-04-2025 14:12
2025/G003/000210	CONTA XUSTIFICATIVA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL	00182/2025	03-04-2025 12:23
2025/G003/000199	SOLICITUDE SUBVENCIÓN SANEAMENTO AU301D	00183/2025	03-04-2025 12:22
2025/G003/000207	SOLICITUDE TARXETA DE ESTACIONAMENTO	00184/2025	03-04-2025 10:13
2025/G003/000017	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL-PROCESOS SELECCIÓN TÉCNICO DE XESTIÓN A2, OEP 2024	00185/2025	03-04-2025 20:09
2025/G003/000214	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS/MADRUGADORES CURSO 2024/2025	00186/2025	03-04-2025 19:42
2025/G003/000175	TESOURERÍA: COMUNICACIÓN DE DESISTIMIENTO DE OBRA (EXPEDIENTE 2023/U022/000019) Y SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE PAGO.	00187/2025	07-04-2025 09:53
2025/G003/000178	TESOURERÍA: SOLICITA DEVOLUCIÓN DE TAXAS DE OBRA NO LUGAR DE SIXTO 86 EXP 2022/U022/000006 POR NON DESEXAR REALIZALA	00188/2025	08-04-2025 09:09
2025/G003/000222	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN INSCRICIÓN TALLERES CULTURAIS CURSO 2024/2025	00189/2025	08-04-2025 09:09
2025/G003/000196	SOLICITUDE SUBVENCIÓN INFRAESTRUTURAS CULTURAIS. BIBLIOTECA	00190/2025	08-04-2025 09:09
2025/G003/000204	SOLICITUDE SUBVENCIÓN APROL RURAL 2025	00191/2025	09-04-2025 11:43
2025/G003/000219	ELABORACIÓN DE NÓMINAS-	00192/2025	09-04-2025 11:11





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	ASUNTO	Nº Decreto	Data sinatura
	RECTIFICACIÓN DECRETOS APROBACIÓN NÓMINA MES XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2025.		
2025/G003/000159	EXPEDIENTE DE LEVANTAMENTO REPARO DA CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DURANTE 6 MESES.	00193/2025	11-04-2025 13:07
2025/G003/000230	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000034930	00194/2025	11-04-2025 10:48
2025/G003/000228	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000034798	00195/2025	11-04-2025 10:49
2025/G003/000227	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000034734	00196/2025	11-04-2025 10:49
2025/G003/000229	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000034868	00197/2025	11-04-2025 10:49
2025/G003/000226	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000034669	00198/2025	11-04-2025 10:49
2025/G003/000232	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL	00199/2025	11-04-2025 10:49
2025/G003/000236	DELEGACIÓN DO 14 AO 21 DE ABRIL DE 2025 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)	00200/2025	12-04-2025 11:52
2025/G003/000217	SOLICITUDE SUBVENCIÓN FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL CUBERTA DO CAMPO DE FÚTBOL	00201/2025	14-04-2025 13:17
2025/G003/000242	SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS ECONÓMICOS DE DÍA 21-04-2025.	00202/2025	14-04-2025 14:29
2025/G003/000241	SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DE DÍA 21-04-2025	00203/2025	14-04-2025 14:29
2025/G003/000216	LICENCIA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS T M M F	00204/2025	15-04-2025 11:58
2025/G003/000218	SOLICITUDE DE LICENCIA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS	00205/2025	15-04-2025 11:58
2025/G003/000223	EDM INVERNO 24-25	00206/2025	15-04-2025 11:57





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	ASUNTO	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000233	PADRÓN PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN MADRUGADORES CURSO 2024/2025 MES DE ABRIL	00207/2025	15-04-2025 11:57
2025/G003/000234	PADRÓN PREZO PÚBLICO TALLERES CULTURAIS CURSO 2024/2025 CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2025	00208/2025	15-04-2025 11:56
2025/G003/000231	TESOURERÍA: SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DAS TAXAS DA LICENCIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DO PUB BLISS SITO EN RUA FERREIROS Nº 14 POR DESESTIMENTO	00209/2025	15-04-2025 11:55
2025/G003/000225	PA PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000082 /2025 / SOBRE ADMON. LOCAL DE D/ÑA: M I V G	00210/2025	15-04-2025 13:05
2025/G003/000243	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 16 DE ABRIL DE 2025	00211/2025	15-04-2025 13:04
2025/G003/000215	TESOURERÍA: ANULACIÓNS LIQUIDACIÓNS PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO	00212/2025	15-04-2025 13:12
2025/G003/000213	TESOURERÍA:ANULACIÓNS LIQUIDACIÓNS PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO	00213/2025	15-04-2025 13:34
2025/G003/000212	TESOURERÍA: ANULACIÓNS LIQUIDACIÓNS PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO	00214/2025	15-04-2025 13:32
2025/G003/000224	TESOURERÍA: RECURSO CONTRA LIQUIDACIÓNS DE RECOLLIDA DE LIXO DO LOCAL SITO EN AVDA DE FERROL Nº 35 A	00215/2025	15-04-2025 13:52
2025/G003/000240	PROCEDEMENTO ABREVIADO 40/2025 M P F CONTRA CONCELLO DE PONTEDEUME RECLAMACIÓN PATRIMONIAL	00216/2025	15-04-2025 18:18
2025/G003/000201	DECRETO LIXO	00217/2025	15-04-2025 18:19
2025/G003/000244	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS	00218/2025	16-04-2025 12:02





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	ASUNTO	Nº Decreto	Data sinatura
	MODELO IRPF MARZO DE 2025		
2025/G003/000206	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A REALIZACIÓN DO ESTUDO INTEGRAL DA REDE VIARIA MUNICIPAL	00219/2025	16-04-2025 11:58
2025/G003/000059	ELABORACIÓN DE NÓMINAS-ADSCRICIÓN TEMPORAL A POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ÁREA ADMON. XERAL.	00220/2025	16-04-2025 12:03
2025/G003/000247	SOLICITA VODA PARA O DIA 19/04/2025 J P E C B	00221/2025	16-04-2025 12:45

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

7. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES

Non se presentaron mocións urxentes.

8. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

Indica aquí o **Sr. Presidente** que hai un erro na contestación da pregunta número 3 do partido municipal do BNG, xa que se indica que a última analítica é do mes de xullo de 2004 pero en realidade é de setembro 2024.

8.1. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG presenta para o pleno do día 24.04.2025 as seguintes preguntas:

Pregunta 1: OBRAS PONTE. Estamos case no mes de maio e as obras da ponte seguen sen comezar. Dicía o goberno que solicitara unha reunión coa Demarcación de Estradas na Galiza, realizouse esta reunión? Tense algunha información mais sobre o comezo das obras, os novos prazos, horarios de traballo...?

Resposta do Goberno: Si. Mantivemos recentemente esa reunión e trasladousenos que por parte do departamento técnico do ministerio e tras ter analizado o resultado das catas realizadas meses atrás estase a definir o sistema de pilotaxe dos piares da ponte unha vez que xa teñen decidido cal será o correspondente á zona de muralla desa infraestrutura.

Polo que nos comentaron, ata que rematen ese estudo técnico que acabamos de comentar con anterioridade non se fixará unha data do inicio das obras. En todo caso compre lembrar que segundo o acordado os traballos non se desenvolverán en ningún caso durante o verán.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Pregunta 2: BANCOS LGTBI. No pleno do mes de xaneiro solicitamos mediante un rogo a instalación de bancos pintados coa bandeira LGTBI nas proximidades de centros escolares, parques ou espazos frecuentados pola mocidade. Respondían vostedes que este traballo xa fora encargado e que serían instalados proximamente nas inmediacións do IES Bremao. Temos algunha novidade sobre isto?

Resposta do Goberno: A proposta de instalación de bancos coa bandeira LGTBI no paseo marítimo foille trasladada a este goberno o pasado ano pola veciña Sandra de Castro, adquirindo o compromiso de instalalos ao longo do presente 2025. Tendo en conta a incorporación de novo persoal ao departamento de vías e obras (PEL) os bancos

Por decisión do departamento de igualdade decidiuse que a súa instalación se faga coincidir coa celebración do día internacional de diversidade sexual o 28 de xuño no marco dos actos que dende o concello se van a realizar con motivo desa celebración.

Pregunta 3: SITUACIÓN AUGAS PRAIAS. Segundo a clasificación de augas da Xunta as praias de Ber e de Centroña seguen cunha prohibición permanente do baño e a praia de Sopazos ten unha clasificación sanitaria insuficiente con recomendación de non bañarse. Dicia o goberno o verán pasado que isto estaría solucionado para o verán de 2025 xa que as distintas obras estaban avanzadas ou rematadas. Como está a situación? Serán aptas as augas este verán para o baño? Que xestións fixo o goberno para que isto sexa así?

Resposta do Goberno: A clasificación das augas de Centroña e Ber dependen da posta en funcionamento dos novos bombeos construídos e instalados recentemente por Augas de Galicia no marco do convenio asinado por este concello.

A tal fin a día de hoxe estamos á espera de que por parte da empresa subministradora de enerxía eléctrica se realicen os traballos de reforzo da liña pendentes, segundo se nos trasladou, dunha autorización sectorial.

No que se refire á clasificación das augas da praia de Zopazos, a última analítica que consta no listado oficial da Consellería de Sanidade correspóndense co mes de xullo de 2024.

Neste tempo reparouse unha rotura na rede de saneamento que estaba a verter á rede de pluviais na Avda. Doutor Villanueva, que poderías estar detrás deste episodio de contaminación.

Dito o cal, solicitouse ao organismo competente nova analítica para actualizar os resultados.

8.2. ROGOS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG presenta para o pleno de día 24-04-2025 o seguinte rogo.

1. PASO DE PEÓNS CALDAGUEIRO. Rogamos que se solicite á Deputación o pintado dun novo paso de peóns e sinalización de redución de velocidade no lugar de Caldagueiro, xusto no





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

comezo das novas beirarrúas, para facilitar o cruzamento a pé desde o final das beirarrúas próximas ao edificio "Mirando ao Mar" (Avenida Doutor Villanueva nº66).

8.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP

O grupo municipal do PP presenta para o pleno do día 24.04.2025 as seguintes preguntas:

Pregunta 1: Albergue de peregrinos (antiguo hospitalillo): Después de observar que las obras llevan varias semanas paradas ¿en qué situación se encuentran las obras y que fecha se baraja para su finalización?

Resposta do goberno: Segundo nos trasladan dende a Deputación Provincial, os traballos retomaranse nas próximas semanas unha vez finalizado o expediente de modificación de proxecto que se está tramitando actualmente.

Pregunta 2: ¿A cuanto asciende el gasto total de la primera feria del queso?

Resposta do goberno: O custo total da feira do queixo ascende a 51435€ dos cales o concello so aporta 5320 €. O departamento de turismo da Deputación aporta 18837€ pola súa participación no evento e por parte do departamento de promoción económica da Deputación dentro da liña de subvencións de axudas a concellos de menos de 5000 habitantes para a realización de actividades de promoción económica concedéronsenos 21278€. Leite celta colabora cunha achega de 6000€.

8.4. ROGOS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

O grupo municipal do PP presenta para o pleno do día 24.04.2025 os seguintes rogos:

1. Rogamos arreglen los focos del aparcamiento de arriba del mercado en la Rua San Miguel ya que hay varios rotos y otros funcionan las 24H.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Rogamos que tras 40 años al frente de la parroquia de Pontedeume y muchos proyectos realizados se le ponga el nombre de "Jose Ramón Cascón" al futuro albergue de peregrinos (antiguo hospitalillo)

REMATE DA SESIÓN

Non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as trece horas e once minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 29.05.2025 segundo o borrador asinado o día 14.05.2025. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

